

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de outubro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día oito de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1139).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 25 de setembro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1140).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONVENIO “XANTAR NA CASA”. EXPTE. 115456/301.

Visto o informe xurídico do 24.09.15 e o informe de fiscalización do 05.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 16.09.15, que di o seguinte:

.1- COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS:

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos

públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014)”.

II.- CONVENIO XANTAR NA CASA:

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, creado en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.

O programa Xantar na Casa artéllase a través da xestión directa por parte do Consorcio en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar e cos Concellos consorciados e forma parte do conxunto de servizos promovidos pola Secretaria Xeral de Familia e Benestar.

O Concello de Vigo, adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2 de febreiro de 2007 e manifestou a súa vontade de formar parte da implantación do programa "Xantar na Casa" con data de 11 de setembro de 2008.

Os obxectivos específicos que se queren acadar son os seguintes:

Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.

Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.

Previr as situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.

Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.

Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

A Xunta de Goberno Local (XGL), na sesión extraordinaria e urxente do 15 de outubro de 2014 aprobou a prórroga do convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" ata o 14 de outubro de 2015. Trataríase agora de prorrogar a súa vixencia por un ano máis.

Segundo o mencionado na cláusula oitava do convenio de colaboración, este terá unha duración dun ano, entendéndose prorrogado tacitamente se non hai denuncia expresa das partes, comunicada cunha antelación de trinta días.

A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

O 13 de xuño de 2013 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicou no DOG o anuncio de licitación do servizo de "Xantar na Casa". Despois das correspondentes fases de baremación, tanto técnica como económica, o 16 de xullo de 2013 tivo lugar a adxudicación do contrato á empresa "Coesco - Deza, S.L.".

En setembro de 2015 establécese un novo prezo de menú/día de 6,27€, pasando a ser a achega do Concello de 1,67 €/día/persoa, a dos usuarios/as de 1,67€/día /persoa, e a achega do Consorcio de 2,93€/día/persoa, segundo a comunicación de cambio de custo nos menús servidos polo programa "Xantar na Casa" enviada o 9 de setembro polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Este prezo fíxose efectivo a partir do 9 de setembro de 2015.

Así mesmo, dáse conta da proposta do 24.09.15, da xefa do servizo de Benestar Social, conformado polo xefe da Área e pola concelleira delegada de Política de Benestar e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Á vista dos informes emitidos e da demais documentación que consta no expediente de referencia, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o "Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar" para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa", desde o 15 de outubro de 2015 e ata o 14 de outubro de 2016.

SEGUNDO: Aprobar un máximo de 120 prazas para este programa, ata o 14 de outubro de 2016, sempre e cando a suma dos importes medios mensuais non exceda do orzamento total anual que se estipula para este convenio.

TERCEIRO: Aprobar o prezo de 1,67 €/día por persoa que pagará o Concello de Vigo ao Consorcio por cada usuario do programa.

CUARTO: Autorizar o gasto de 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.2260908 ("Programa Xantar na Casa"). Desta cantidade, imputaranse 17.200,00 € ao ano 2015 e 62.800,00 € ao exercicio de 2016.

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1141).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO". EXPTE. 15772/332.

Visto o informe xurídico do 22.09.15 e o informe de fiscalización do 30.09.15, dáse conta do informe-proposta do 07.09.15, do técnico superior de Educación, conformado pola concelleira de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 18 de xullo de 2014, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar definitivamente a ESMUVIGO SCG o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo (expte 15772-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 4/04/2014 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de un ano e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (Cláusula 7.3 e apartado 4.C das FEC). Así, prevese a posibilidade de prórroga por un máximo de 10 meses, fixándose como data límite de finalización da prórroga o día 31 de xullo de 2016.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de danza por parte da empresa actualmente adxudicataria (ESMUVIGO SCG) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes

pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de nove meses contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (expte 15772-332) para o período comprendido entre o 1/11/15 e o 31/07/16, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 295.500,00 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2015 (1/11/2015-31/12/2015): 65.666,67 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.02 (Escola Municipal de Música de Vigo), e bolsa de vinculación.

Ano 2016 (1/1/2016-31/07/2016): 229.833,33 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.02 (Escola Municipal de Música de Vigo), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1142).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO A “UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.” DE CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO LOCAL SOTO SITO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 7385/307.

Visto o informe de fiscalización do 30.09.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Enerxía, do 22.09.15, conformado polo xefe da área de Fomento, polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 15 de maio de 2015, “Unión Fenosa Distribución, S.A”, (no sucesivo, Unión Fenosa) solicita a cesión de uso dun soto no Parque de Castrelos, (“Parque Quiños de León segundo a ficha do Inventario Municipal de Bens e Dereitos) con destino á instalación dun Centro de Transformación e Distribución de Enerxía Eléctrica (no sucesivo, CT) cunha superficie construída de 10 m² e coas características que figuran nos planos que se achegan xunto coa solicitude. Posteriormente, con data 9 de xuño seguinte, reiteran a mesma petición para correxir erros materiais na mesma.

En relación coa dita solicitude emítese o seguinte informe:

I.- Normativa de aplicación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (no sucesivo, LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. (no sucesivo, LPAP).
- Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, (no sucesivo, LSE).

- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (no sucesivo, LOUGA).*
- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, (no sucesivo, TRLCSP).*
- *Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as Actividades de Transporte, Distribución, Comercialización, Subministración e Procedementos de Autorización de Instalacións de Enerxía Eléctrica, (no sucesivo, RAPEE).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, (no sucesivo, RBEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (no sucesivo, TRLFL)*

II.- Antecedentes de feito:

1º.-No expediente figuran os seguintes informes:

- *Informe do Xefe da Área de Fomento de data 12/05/2014 no que indica que o soto inicialmente previsto para a súa utilización por “AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.”, concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Vigo, non é necesario para tal finalidade xa que con data 25/11/2013 a concesionaria presentou un escrito en dito sentido.*
- *Informe do Xefe Territorial da Consellería de Economía e Industria na Delegación Provincial de Pontevedra de data 19/09/2014, emitido a solicitude da Concellería de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda deste Concello, relativo a que segundo a lexislación de aplicación ao sector eléctrico, a actividade de construción e mantemento da rede de distribución de enerxía eléctrica está integrado por un conxunto de empresas distribuidoras que operan, cada unha delas, como un monopolio dentro da súa zona de actuación, correspondéndolle a empresa distribuidora, Unión Fenosa Distribución, S.A, a zona en concreto no que radica o Parque de Castrelos.*
- *Informe do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 26/03/2015 no que se comunica ao Concello que non procede autorización ningunha do dito Organismo.*
- *Informe do Enxeñeiro de Edificación Municipal, D. Aurelio Adán Fernández de data 04/05/2015 no que figura que o uso que se propón é compatible co Planeamento vixente.*
- *Informe do Xefe da Unidade Técnica de Implantación de Servizos na Vía Pública, D. Ramón Fdez.-Linares Bouza de data 04/06/2015 relativo a que na documentación aportada por Unión Fenosa non se prevé executar ningunha obra no recinto e que, en todo caso, trataríanse de obras menores.*
- *Informe do Xefe do Servizo de Enerxía de data 01/07/2015 no que consta que o soto queda fora dos vías de circulación do Parque e que é conveniente que se autorice a cesión do dito local.*
- *Informe do Enxeñeiro de Edificación, D. Aurelio Adán Fernández, de data 17/07/2015, no que se indica que o valor do soto cuxa cesión solicítase, é de 6.486,11€.*
- *Informe do Xefe do Servizo de Enerxía de data 10/08/2015 relativo a que o proxecto para instalación do CT atópase incluído dentro do proxecto presentado por Unión Fenosa para instalación dunha liña de Media Tensión e Baixa Tensión no camiño Corredoura, Subida a Costa, Costa, Baixada a Laxe, Baixada Ponte Nova, Fonte Santa e Finca dos Aires denominado “Retranqueo CT Corredoura-Castrelos”, autorizado pola Delegación*

en Pontevedra da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia con data 05/08/2015.

2º.- Ademais, no expediente figura tamén a ficha do inventario de Bens e Dereitos na que o inmovible non aparece identificado como tal, pero sí o Parque de Castrelos no que está radicado, coas seguintes características:

- Denominación: Parque Quiñones de León.
- Situación: Avda. de Castrelos.
- Tipo Inmovible: Urbán.
- Natureza do ben: De servizo público.
- Lindeiros: Norte, río Lagares; Sur, rúa Canicouva; Leste, camiño Corredoura e Baixada ao Pontillón; Oeste, Avda. Castrelos.
- Superficie do terreo: 227.861 m².
- Título de adquisición: Adquirido por doación do Marqués de Alcedo a través de escritura pública outorgada ante o Notario D. Ramón Sánchez de Ocaña y Fernández con data 12 de decembro de 1924 baixo o número 497 do seu protocolo.
- Número de inventario: 0036A.

Por isto, o acordo de cesión de uso do soto deberá remitirse ao Servizo de Patrimonio para que, previo o seu deslinde, o ben se identifique e se inclúa como inmovible no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, previos os trámites ao efecto.

III.- Fundamentos de dereito:

Primeiro.- A solicitude formulada por Unión Fenosa persegue que se lle autorice o uso privativo do soto en cuestión coa finalidade de instalar un CT o que constitúe un uso normal e privativo dun ben de dominio público de titularidade do Concello ao que lle é de aplicación o Capítulo 1º do Título II da LPAP e o Capítulo IV do Título I do RBEL, que establecen que para a cesión é preciso o outorgamento dunha concesión administrativa.

Segundo.- En canto ao procedemento e forma de adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo do dominio público, a LPAP no seu artigo 93.1 dispón que “o outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarse en réxime de concorrencia. Non obstante, poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta Lei, cando se dean circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas Leis”.

A tenor do exposto e tendo en conta o Informe do Xefe Territorial da Consellería de Economía e Industria na Delegación Provincial de Pontevedra de data 19/09/2014, emitido a solicitude da Concellería de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Fazenda deste Concello, relativo a que segundo a lexislación de aplicación ao sector eléctrico, a actividade de construción e mantemento da rede de distribución de enerxía eléctrica está integrado por un conxunto de empresas distribuidoras que operan, cada unha delas, como un monopolio dentro da súa zona de actuación, correspondéndolle a empresa distribuidora, Unión Fenosa Distribución, S.A, a zona en concreto no que radica o Parque de Castrelos, é evidente que concorren as circunstancias para que poda outorgarse directamente a concesión

Terceiro.- Sen embargo, o anterior non exime ao Concello da necesidade de establecer as condicións para a concesión en cumprimento do previsto nos artigos 80 do RBEL e 94 da LPAP, así como calquera outra para salvagardar os intereses municipais. As condicións concretas son as que figuran relacionadas na proposta de acordo, sobre as que deben facerse as seguintes puntualizacións:

- a).- En canto ao prazo, establécese o de 75 anos, o máximo previsto no artigo 93.3 da LPAP.
- b).- A garantía fíxase nun 3% do valor do ben, de conformidade co previsto no artigo 90 do RBEL.
- c).- Autorízase a cesión dos dereitos de concesión, pero só cando sexa a favro doutra entidade distribuidora de enerxía eléctrica que puidera actuar na zona donde radica o ben que se cede, segundo a normativa reguladora do sector eléctrico.
- d).- O canon establécese en 368€/ano en base ao artigo 80.7º do RBEL que lle atribúe a natureza de taxa.

A procedencia de fixar este canon e o seu importe xustifícase en que, se ben, a Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Municipal establece no seu artigo 4 apartado 5 o principio de que cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos no solo, voo ou subsolo de vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da vecindade -como ocorre neste caso- o importe daquelas consistirá, sen excepción ningunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as referidas empresas. Sen embargo, a continuación indica: cando o aproveitamento afecte ao restante dominio público municipal, aplicarase, según a clase do mesmo, a tarifa das antes establecidas con carácter xeral, que corresponda.

A efectos de establecer o concepto de vía pública a doutrina é unánime en definila como aquela cuxa finalidade é servir de medio de comunicación ou circulación e dar servizo, así mesmo, ás fincas e edificacións colindantes.

Neste senso no expediente figura un informe do Xefe do Servizo de Enerxía de data 01/07/2015 no que faise referencia expresa a que o inmovble “queda fóra dos viais de circulación do Parque (...)”.

A consecuencia é que ao pretenderse a ocupación dunha parte do dominio público que non ten a condición de vía pública, tería que aplicarse a correspondente tarifa do cadro que neste caso é a que se refire a “casetas de transformación ou similares no subsolo (...)” á que, ao dar fronte ao Parque á Avenida de Castrelos (rúa de segunda categoría) corresponderíalle unha tarifa de 368,00€/ano, que é a que se fixa como canon anual.

Cuarto.- Neste caso non se precisa proxecto de obras, xa que como consta no informe do Xefe da Unidade Técnica de Implantación de Servizos na Vía Pública de data 04/06/2015, non se prevé executar no soto obra ningunha, e de facela, trataríanse de obras menores que non precisan de proxecto de conformidade co previsto no artigo 195.3 da LOUGA.

Ao non existir licitación para a adxudicación, que se fará por outorgamento directo tal como se xustificou no apartado segundo deste informe, tampouco é precisa a redacción dun prego de condicións administrativas particulares tal como recoñece tanto a doutrina como a Xunta Consultiva de Aragón no seu informe 47/2011 de 1 de marzo que conclúe afirmando que “ao estar ex-

cluídos do TRLCSP os contratos patrimoniais, non pode aplicárselle aos mesmos as modalidades que son propias das normas que regulan tales contratos, como o procedemento negociado e o contrato menor, debendo aplicarse en cada caso a subasta, o concurso ou a adxudicación directa, (esta última é a que procede neste caso tal como xa quedou acreditado e xustificado).

En definitiva, o fundamento de que non é preciso o procedemento negociado, e polo tanto tampouco a elaboración dun prego de condicións administrativas particulares e outro de prescricións técnicas para esta concesión, é que o TRLCSP exclúe aos contratos patrimoniais do seu ámbito de aplicación, polo que as remisións que a normativa patrimonial fai á de contratación resultan xa na práctica carentes de efectividade e supoñen de facto que a adxudicación ou outorgamento directo a que se refire a LPAP consiste no que o propio término indica e non deba asimilarse ao procedemento negociado sen publicidade previsto na normativa de contratación.

A anterior afirmación tamén substéntase na propia LPAP que nos seus artigos 93 e 96 distingue dúas formas de concesión: a xeral, a través de concorrencia por procedemento licitatorio e o outorgamento directo. Sen embargo, a información público do prego só se esixe en caso de concorrencia, “as autorizacións e concesións en réxime de concorrencia”, pero non no caso de outorgamento directo, no que non se precisa de dito documento, xa que no acordo de aprobación estableceranse as condicións da mesma e a súa validez quedará supeditada a súa aceptación polo interesado.

Quinto.- De conformidade co previsto na disposición adicional segunda do TRLCSP, nos municipios de gran poboación entre os que se inclúe Vigo, as competencias que figuran na mesma, entre elas a concesión de dereitos sobre os seus bens, exerceranse pola Xunta de Goberno Local.

Sexto.- De conformidade co previsto no TRLFL, previamente a someter o expediente a aprobación, deberá ser fiscalizado favorablemente pola Intervención Xeral.

Por isto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Comunicar a “Unión Fenosa Distribución, S.A.” o compromiso de adxudicarlle a concesión do uso exclusivo do local soto de 10 m² de superficie sito en terreos de dominio público no Parque de Castrelos que segundo a ficha do Inventario Municipal de Bens e Dereitos noméase como Parque de Quiñones de León, coa descrición que figura nos antecedentes desta proposta, sempre que acepte as condicións previstas no apartado segundo seguinte deste acordo e que aporte a documentación esixida no seu apartado terceiro.

Segundo.- A concesión outorgarase baixo as seguintes condicións:

1ª.- De conformidade co previsto no artigo 93.1 da LPAP, a concesión administrativa outórgase directamente á solicitante, Unión Fenosa Distribución, S.A, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2ª.- A instalación do CT farase consonte ao proxecto que se achega coa solicitude e que foi autorizado pola Delegación en Pontevedra da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia con data 05/08/2015 dentro do proxecto máis amplo presentado por Unión Fenosa para instalación dunha liña de Media Tensión e Baixa Tensión no camiño Corredoura, Subida a Costa, Costa, Baixada a Laxe, Baixada Ponte Nova, Fonte Santa e Finca dos Aires denominado “Retranqueo CT Corredoura-Castrelos”, segundo informe do Xefe do Servizo de Enerxía de data 10/08/2015, obrante no expediente, que tamén se pronuncia sobre a conveniencia da cesión para o interese público municipal.

3ª.- A natureza da relación que vinculará ao Concello co concesionario será a propia da concesión administrativa de dominio público establecida consonte ao previsto 78 e seguintes do RBEL.

Comprenderá exclusivamente o uso do dominio público a que se estende, para instalación dun CT por parte do concesionario.

4ª.- A concesión outórgase por un prazo de 75 anos.

O cómputo do prazo iniciarase ao día seguinte da data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión.

5ª.- O concesionario deberá constituír unha garantía por importe do 3% do valor do dominio público ocupado (que segundo o informe do Enxeñeiro de Edificación Municipal de data 17/07/2015 é de 6.486,11€), que supón un total de 194,58€.

6ª.- Autorízase a cesión dos dereitos concesionais exclusivamente a terceiras entidades distribuidoras da enerxía eléctrica, nas condicións previstas na normativa reguladora do Sector Eléctrico sempre que estiveran autorizadas para actuar no ámbito no que radica o ben obxecto de concesión.

A cesión requirirá do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Autorización expresa da Xunta de Goberno Local con carácter previo a súa formalización.
- b) Informe favorable da Administración competente no Sector da Enerxía Eléctrica.
- c) Que teña transcorrido como mínimo unha quinta parte (1/5) do prazo da duración da mesma.
- d) Que o cesionario non esté incurso en prohibición para contratar coa Administración das previstas no TRLCSP .
- e) Que a cesión se formalice en escritura pública, debendo conter obrigatoriamente unha cláusula na que se estableza que os dereitos transmitidos extinguiranse, automaticamente, ao vencemento do prazo contractual revertendo o ben ao Concello de Vigo, sen indemnización.
- f) Que o cesionario constituía fianza definitiva na Tesourería Municipal en substitución e polo importe constituído polo cedente.

A transmisión da concesión farase na súa integridade producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.

7ª.- O canon da concesión será de 368,00€/ano, tal como quedou xustificado no anterior informe.

O canon devengarse dende a data seguinte á de formalización da concesión e ingresarase na Tesourería Municipal mediante procedemento de autoliquidación dentro dos trinta días hábiles seguintes ao vencemento de cada anualidade, sen necesidade de requirimento por parte da Administración de Tributos.

O importe do canon experimentarás anualmente a mesma variación que o importe da tarifa de aplicación na Ordenanza Fiscal Reguladora destas taxas.

8ª.- O concesionario terá as seguintes obrigas:

- a) *Pagar o importe dos gastos rexistráis, notariais e administrativos que se deriven do outorgamento e inscrición da concesión ou da tramitación e formalización do contrato.*
- b) *Destinar o inmovible ao obxecto da concesión consonte ao proxecto técnico aprobado e con exclusión de calquera outro uso ou destino, salvo que sexa autorizado polo Concello de Vigo.*
- c) *Asumir a financiación da totalidade da instalación, e no seu caso, das modificacións que se puidesen introducir na mesma durante a vixencia da concesión.*
- d) *Manter en perfecto estado de conservación, limpeza e ornato, as instalacións e terreos afectos, coidando todo co máximo decoro e estética, efectuando as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen precisas ó efecto, cumprindo estritamente as disposicións de carácter xeral e instrucións que dicte a autoridade competente.*
- e) *Manter ao seu custe a vixilancia permanente do CT e do dominio público no que está instalado.*
- f) *Non allear nin gravar o inmovible afecto á concesión agás con autorización previa e expresa do Concello.*
- g) *Satisfacer os tributos legalmente establecidos e aboar os gastos por mantemento da edificación, materiais e instalacións.*
- h) *Inscribir no Rexistro da Propiedade a concesión.*
- i) *Cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, que afecten ao dominio público concedido e ás actividades que no mesmo se desenvolvan.*
- j) *Concertar e manter vixente durante todo o período concesional cunha compañía aseguradora legalmente constituída unha póliza que asegure o inmovible fronte a calquera dano ou destrución do mesmo, por importe do valor estimado do ben; e outra de responsabilidade civil, para responder dos danos ou perdas que se puideran ocasionar polo concesionario ou o seu persoal a terceiros, durante a vixencia da concesión, polo valor alomeños do triplo do importe estimado para o cálculo da garantía definitiva.*

9ª.- O Concello obstará fronte ao concesionario as seguintes facultades e obrigas:

- a) *Inspeccionar as instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ao persoal municipal para que o verifique.*

O Concello de Vigo, a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación do inmovible concedido e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionáraselle pola comisión dunha falta leve, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado sancionarase como infracción grave. Se o concesionario seguía sen executar as reparacións ordeadas procederase a instruír expediente de caducidade da concesión.

- b) *Deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento se o xustifican circunstancias sobrevenidas de interese público mediante o resarcimento dos danos e prexuízos que se lle causara ao concesionario, salvo cando o motivo sexa que resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade ou produzan dano ao dominio público ou impidan a súa autorización para actividades de maior interese público, en cuxo caso, non procedería indemnización ningunha.*

Tamén a concesión quedará sen efecto sen indemnización se no transcurso do contrato o concesionario incorrera en calquera das prohibicións para contratar previstas no TRLCSP.

c) Calquera outra facultade prevista en calquera disposición legal ou regulamentaria.

Terá así mesmo, a obriga de permitir ao concesionario a ocupación do dominio público concedido de forma pacífica, outorgándolle a protección adecuada indispensable para a instalación e funcionamento do CT e a utilización do dominio público obxecto da concesión.

10ª.- O réxime disciplinario aplicable ao concesionario, será o seguinte:

a).- Os incumprimentos contractuais do concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas que se clasificarán en faltas leves e graves.

Terán a consideración de faltas leves as seguintes:

- A) A mera desobediencia non reiterada a calquera orde da Administración que implique mera negligencia.
- B) O descuido ou negligencia respecto á limpeza, mantemento e conservación da instalación ou do dominio público que non constitúa falta grave.

Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A) A reiteración na comisión en calquera das infraccións ou faltas consideradas como leves, sempre que sexan firmes en vía administrativa, nun período dun ano.
- B) O incumprimento grave no que respecta á limpeza, mantemento ou conservación da instalación ou do dominio público.
- C) O incumprimento de calquera outra obriga do concesionario que revista carácter esencial e non se cualifique de leve nin den lugar á caducidade da concesión.

b) O réxime sancionador será o seguinte:

A) As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de ata 1.000 euros.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 1.001 ata 3.000 euros.

B) A contía das sancións referidas na presente cláusula actualizaranse anualmente de xeito automático na mesma variación que experimente o canon.

C) A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano de contratación, debendo fixarse na resolución correspondente a súa contía e o prazo que se determine para a súa subsanación.

D) As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- O grado de culpabilidade do infractor.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.

- A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.
- A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

E) O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

F) Órgano competente para imposición das sancións seña a Xunta de Goberno Local.

G) As infraccións e as sancións graves prescribirán aos dous anos e as leves aos seis meses de ser cometidas, as primeiras e de ser firmes, as segundas.

H) Aboamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de prema administrativa.

11ª.- A declaración de caducidade procederá só nos seguintes casos:

- a) Disolución ou quebra da sociedade concesionaria.
- b) Cesión da concesión sen cumprirse os requisitos establecidos na condición sexta anterior.
- c) Allear ou gravar os bens ou dereitos concesionais sen autorización previa da Administración Municipal.
- d) Destinar os terreos de dominio público concedidos ou as instalacións a usos distintos dos previstos.
- e) O incumprimento reiterado das ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente á conservación e mantemento do inmovible, das instalacións ou do dominio público, cando se teña sancionado como falta grave e sega producíndose.
- f) A comisión de dúas ou máis faltas graves cometidas no prazo dun ano, sempre que as sancións fosen firmes.
- g) A invasión do dominio público non outorgado na concesión .
- h) A falta de utilización, durante un período dun ano do inmovible ou da CT sen causa xustificada.

12ª.- A reversión da concesión ao Concello ao remate do prazo concesional comportará:

- a) Que o concesionario deberá deixar o inmovible a libre disposición do Concello de Vigo en condicións de perfecto uso, conforme ao seu estado e ser primitivo, retirando as instalacións existentes, á súa costa.
- b) Que deberá levantase e asinarse a correspondente acta de entrega en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñarase o estado de conservación do inmovible revertido especificándose, no seu caso, os deterioros que presente. Se existiran deterioros, a acta serverá de base para instruír o correspondente expediente no que se concre-

tará o importe das reparacións necesarias que se esixirá ao concesionario, utilizando se fora necesario, o procedemento de execución subsidiaria.

- c) O prazo máximo para o desaloxo do dominio público a que se refiren os anteriores apartados será de quince días hábiles dende a data de vencemento da concesión.*

13ª.- A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ao Concello de Vigo. A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ao longo do contrato.

14ª.- O réxime xurídico de aplicación será o establecido na LBRL, LPAP e RBEL e demais disposicións de xeral aplicación.

O presente acordo notificarase a “Unión Fenosa Distribución, S.A.” para que no prazo de 15 días hábiles poda efectuar as alegacións que estime oportunas.

Terceiro.- No mesmo prazo, senon as efectuara, deberá presentar a través do Rexistro Xeral do Concello, declaración responsable de que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar das previstas no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e xustificar ter depositado na Tesourería Municipal garantía por importe de 194,58€ en calquera das formas legalmente previstas.

Se efectuara alegacións, o prazo anterior comenizará a contarse dende o día seguinte a que tivera recibido o acordo da Xunta de Goberno Local, resolvéndoas.

Cuarto.- En caso de que “Unión Fenosa Distribución, S.A.” non aceptara as anteriores condicións, ou as que resultaran trala resolución das súas alegacións, no seu caso; ou non presentara a documentación esixida no prazo establecido, non se autorizaría a concesión.

Pola contra, unha vez cumprimentados os anteriores requisitos por parte de “Unión Fenosa Distribución, S.A.”, a Xunta de Goberno Local autorizaralle a concesión. O acordo remitirase ao Servizo de Patrimonio para a inclusión do ben e a súa concesión no Inventario de Bens e Dereitos da Corporación; e ao Servizo de Contratación para formalizar o correspondente contrato e notificaráselle a “Unión Fenosa Distribución, S.A.” ofrecéndolle os recursos que legalmente procedan contra o mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1143).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE BOUZAS” PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA E DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS. EXPTE. 11900/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.07.15 e o informe de fiscalización do 2.09.15, dáse conta do informe-proposta do 29.09.15, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 29.09.15, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, a e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A lexislación vixente, e en particular a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sosteñibilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencias municipais propias dos concellos as seguintes (artigo 25.2 da Lei, na súa nova redacción):

“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

- a) Urbanismo: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística. Protección y gestión del patrimonio histórico. Promoción y gestión de la vivienda de protección pública con criterios de sostenibilidad financiera. Conservación y rehabilitación de la edificación.*
- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.*
- c) Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales.*
- d) Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad.*
- e) Evaluación e información, de situaciones de necesidad social, y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.*
- f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.*
- g) Tráfico, estacionamiento de vehículos y movilidad. Transporte colectivo urbano.*
- h) Información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local.*
- i) Ferias, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante*
- j) Protección de la salubridad pública.*
- k) Cementerios y actividades funerarias.*
- l) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre.*
- m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales.*
- n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria, y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.*
- ñ) Promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.*

No exercicio dalgunhas destas competencias propias e buscando, ao mesmo tempo, un mellor aproveitamento dos recursos municipais, o Concello de Vigo pode recoñecer á cidadanía o dereito fundamental a participar directamente na actividade da administración municipal, a través de procesos de colaboración co tecido asociativo local.

Neste senso, o Concello de Vigo ten constancia da existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias, e que conforman a nosa cidade, é de salientar a participación no fomento da cultura mariñeira da Asociación de Mariñeiros e Deportivos de Bouzas, Asociación que ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xera de vital

importancia no desenvolvemento da cidade de Vigo, na recuperación dalgunhas embarcacións tradicionais de uso cotiá na bisbarra viguesa.

Constitúen, daquela as asociacións en xeral e a Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas en particular, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns co número 490-96. Dende a súa creación, esta Asociación sempre tivo a prioridade de fomentar a cultura mariñeira para que non se perda e esqueza. De feito así están recollido nos propios Estatutos nos que se establecen fins sociais como:

- Levar a cabo actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- Coñecemento do litoral, praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación de nosas costas.*
- Denunciar ante as autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien en nosas costas, praias e augas.*
- Realizar actividades con nenos e mozos para que coñezan e colaboren no mantemento da flora, fauna, artes e embarcacións. Todo elo para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia, etc. O que sexa propiedade de esta Asociación.*

No afán de que non se perda a cultura mariñeira tradicional e sempre sen perseguir fins lucrativos nin especulativos (artigo 6º dos Estatutos), recuperan e constrúen réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao mantemento, acondicionamento e amarre das mesmas para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello, concretamente:

- 1) Acollida dos barcos que deseguido se relacionan, dentro das instalacións propias da Asociación e durante a vixencia do convenio.*
 - 1. “Vigo 05” Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga*
 - 2. “Praia do Vao” bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga*
 - 3. “Praia da Fontaiña” gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.*
 - 4. “Coruxo” galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.*
 - 5. “Dorna tope. Aínda sen folio e nome, de eslora 7,27, manga 2,49. Próxima a botadura”. Monta vela de relinga.*

2) Mantemento das embarcacións tradicionais descritas no parágrafo anterior, así como traslado destas embarcación coa finalidade da hibernación, preparación e mantemento das embarcacións, facéndose cargo dos gastos que lle correspondan, materiais e persoal necesario incluído. De tal xeito que esta embarcacións poidan empregarse en todo momento.

3) *Planificación, conxuntamente coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, de actividades culturais de difusión da cultura mariñeira cos medios que se precisen e coas embarcacións tradicionais.*

4) *A Asociación disporá das embarcacións citadas, para o fomento da cultura mariñeira en eventos e a participación en todos cantos encontros, xuntanzas, xornadas de mar e en xeral as actividades que se realicen dende a Asociación, previa comunicación a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, ademais daquelas que dende esta Concellería estime, previa comunicación co tempo suficiente dos cometidos, para preparar a tripulación e aparelar estas embarcacións.*

No expediente constan informes de conformidade dos servizos xurídicos de data 31 de xullo de 2015 e intervención no trámite de fiscalización de data 2 de setembro de 2015, facendo constar a disponibilidad orzamentaria, e así mesmo, compretado os cambios indicados, no pacto no-veno do convenio, relativo ao prazo e forma de xustificación.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se achega como anexo entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas", coa finalidade de promover a cultura mariñeira, promoción das embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2015.*
- 2. Facultar ao concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos don Santos Hector Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.*
- 3. Así as cousas, o Concello de vigo no seu vixente orzamento prorrogado, e na partida 2410 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas.*
- 4. Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 24104890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" de Promoción Económica e Emprego.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra, don Ramón Vázquez Martínez , en calidade de presidente da “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación aportada dentro do expediente 11900/77.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, ten entre outros tal e como se atopan nos seus estatutos os seguintes fins:

- 1. O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- 2. Desenvolver actividades que conduzcan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- 3. Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- 4. Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- 5. Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- 6. Coidar, manter e administrar calquer instalación cedida por calquer organismo competente, Concello, Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- 7. Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polveiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas*
- 8. Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na bretaña francesa.*
- 9. Que dentro das actividades a desenvolver pola “Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas” para este ano 2015 sobre a difusión da cultura mariñeira están entre outras as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.*

II.- Que dende o Concello de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia, estase a promocionar esta cultura mariñeira dende fai moitos anos non só como instrumento de lecer senon tamén como capacitación laboral con saída profesional. Para esta promoción da cultura mariñeira o Concello de Vigo puxo en marcha cinco Escolas Obradoiro denominadas “Mar de Vigo”, nas que a parte dos programas de formación e inserción laboral ofreceron a mocidade entre 18 e 25 anos a posibilidade de obter formación especializada en diversas ramas profesionais como carpintería de ribeira, actividades nauticas e novas técnicas de contrución naval.

O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

*“Vigo 05” Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
“Praia do Vao” bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
“Praia da Fontaiña” gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
“Coruxo” galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
“Dorna tope. Aínda sen folio e nome, de eslora 7,27, manga 2,49. Próxima a botadura”. Monta vela de relinga.*

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Promoción por medio dunhas charlas-coloquios a construción de embarcacións tradicionais.*
- Ensino e información de como se fai a preparación e carenado das embarcacións tradicionais.*
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio- outubro).*
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (Carril - Vilagarcía, Vila do Conde, Muros, Moaña, Monforte – río Cave, etc.)*
- Regatas de faluchos.*
- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais.*
- Concerto de corais.*
- Promoción a nivel local, autonómico, nacional e incluso internacional das embarcacións tradicionais polas súas características de construción en madeira e por seren réplicas de embarcacións tradicionais sendo estas o mellor referente para a difusión da cultura mariñeira.*
- Exposición de embarcacións tradicionais non só para apreciarlas senon tamén para disfrutar da súa navegabilidade.*
- Que esta asociación abrírase a calquera outra proposta de difusión da cultura mariñeira que partise do Concello de Vigo para facer saídas promocionais, actividades culturais, deportivas ou turísticas en xeral que se considerase oportunas.*

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento para o ano 2015, e na partida 2410 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas.

E como se indica na ley de subvencións, no caso de preverse a financiación do gasto con cargo a un crédito nominativo, a concesión poderá ser de forma directa. Estas circunstancias limitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio de colaboración ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación

como as de propiedade municipal (traíña, bote polveiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

V.- Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e incluso turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas. O Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñén a súa colaboración no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) así como da realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....
2. Como se especifica nos nosos estatutos manter, coidar e administrar calquer tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promocionando as mesmas non só en terra senon tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promocionar non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senon tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acolle ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promocionar coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin. (Traíña "Vigo 05", Bote Polveiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna Tope (provisional)).

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñemento da cultura mariñeira, non só nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, senón a todo o público en xeral.
2. Emprestar as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades promotoras da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a asociación de mariñeiros artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.
3. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades ás que se compromete no pacto primeiro.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da Concillería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, subministrado polo servizo xestor do con-

venio en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir os seguintes puntos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario. A beneficiaria, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se justifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para o que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporaráse ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2015.

Décimo segundo.- O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto sobre a axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución importante da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2015

6(1144).- DAR CONTA DO INFORME DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS “OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES” POLO QUE SE REXEITA A TOTALIDADE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS. EXPTE. 7279/307.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 1.10.15, conformado pola xefa da Área da 1ª Tenencia de Alcaldía e a concelleira de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 6 de xuño de 2014, aprobou o proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles, redactado polos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou “adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”.

Con data 17 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., para a execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído).

Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Directores Facultativos das obras aos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; así como nomear a Ángel Santorio Cuartero,

como coordinador de seguridade e saúde das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles.

Con data 08/06/2015, asínase a data de recepción positiva das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 10 de setembro de 2015, acordou “tomar coñecemento da notificación da ACTA DE MEDICIÓN FINAL DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, á empresa UNIKA, así como da expedición da RELACIÓN VALORADA das mesmas, e a súa posterior remisión ao contratista.”

Unha vez comunicada a relación valorada á empresa UNIKA, ésta presenta alegacións con data 18 de setembro de 2015 que son rexeitadas pola dirección facultativa en informe de 1 de outubro de 2015, que se acompaña a este expediente.

2.- Fundamentos xurídicos:

De conformidade co previsto no artigo 149 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, remítese ao contratista un exemplar da relación valorada “ a efectos da súa conformidade ou reparos, podendo éste formular as alegacións que estime oportunas nun prazo máximo de dez días hábiles a partir da recepción do expresado documento”.

A recepción de dita notificación produciuse o 8 de setembro de 2015, segundo consta na proba de entrega do burofax que se acompaña a este expediente, e o escrito da empresa UNIKA presentouse o 18 de setembro de 2015 no rexistro municipal.

Con data 1 de outubro de 2015, a dirección facultativa conclúe no seu informe o seguinte:

“No que respecta ás alegacións expostas pola empresa “UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.” no relativo á diferenza de obra realmente executada respecto do presuposto de adxudicación na obra de “MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DAS PRAZAS PRINCESA E ARGÜELLES”, e logo das argumentacións e aclaracións expostas neste informe, consideramos que non procede atender ás alegacións presentadas.”

Así, e segundo o disposto nos artigos 149 e 166.8 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, a dirección facultativa das obras debe expedir e tramitar a correspondente certificación final.

En base ao exposto, procede a súa remisión para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

- Tomar coñecemento do informe da dirección facultativa das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, no que se rexeitan a totalidade das alegacións presentadas pola empresa UNIKA á relación valorada, así como da posterior notificación do*

citado informe ao contratista e proceder á expedición e tramitación da correspondente certificación final.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1145).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL E AGOSTO 2015. EXPTE. 27045/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 1.10.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Abril e Agosto-2015 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Ospio, Montes Parques e Xardins, Seguridade e Mobilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil, Limpeza, Museos e Servizo de electromecánicos.)

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 27045-220 e que se corresponden cos Documentos sinalados anteriormente figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 43192,58 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	ago-15	210	De Vázquez Martínez, Manuel A. a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	ago-15	2837	De Alonso Barcia; Ruben a Villar Dominguez, Manuel
Policia Local	ago-15	387,46	De Alonso Moreira a Varela Estevez Jose Manuel
Ospio	abr-15	64	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial,

			Ramón
Montes, Parques e Xardíns	Marzo-abril 15	33,3	De Conde Rodriguez, Alfonso a Maia Pereira, Antonio Da
Seguridade e Mobilidade	abr-15	31	De Garcia Alfonso, Juan Jesus a Bancelos Gonzalez, Jose
Inspeccion de Vias e Obras	abr-15	32	De Matilde Viñas, J Eugenio a Vilar Estevez , Raimundo
Vias e Obras	Marzo-Abril 15	385	De Amoedo Cabaleiro, Jose Luis a Prieto Dominguez Florentino
Parque Central	abr-15	111	De Comesaña Davila, Jose A a Rodriguez Leiros, Alfonso
Parque Mobil	abr-15	36	De Gil Gonzalez, Antonio a Romero Cobas, Jose luis
Limpieza	abr-15	30	De Arango Fernandez , Luciano a Garrido Marcos, Jesus Manuel
Museos	abr-15	14	Vazquez Martinez, Ramon
Electromecanicos	mar-15	6	Cores Cobas, Julio

O montante do presente expediente ascende a un total de 43192,58 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1146).- SOLICITUDE ABOAMENTO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE 2014 DE D. ENRIQUE FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 27067/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 21.09.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese neste servizo de Recursos Humanos Doc nº 150115968, asinado por D Enrique A. Fernandez Fernandez, no que solicitan o aboamento do complemento de produtividade correspondente ao ano 2014, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 24/08/2015. (Expte 26950/220)

A Xunta de Goberno Local na citada sesión acordou :

"PRIMEIRO.- Aprobar como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade aos servizos da Policía Local e Extinción de Incendios e Salvamento, os criterios que seguidamente se indican:

- reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.*
- ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013 e 2014.*
- necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.*

SEGUNDO.- Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de produtividade a aboar, o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos nos informes das xefaturas dos servizos/unidades, nos termos do previsto

no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Acordar o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade aos efectivos que realizaron os servizos indicados con especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos no informes dos servizos de Policía Local (,Doc 150106525) e Extinción de Incendios e Salvamento (Expediente 3982-213), correspondentes ao período xuño-setembro 2014 no caso da Policía Local e xaneiro-décembro 2014 no caso do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de 213.632,70 €, en tal concepto, aos empregados municipais que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, en relación que comeza por ABALDE CASANOVA, JESÚS IVÁN, e remata por VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO, segundo os criterios e polos importes contidos nos informes dos servizos, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, nos termos do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita.

CUARTO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

O solicitante, no momento da aprobación de dito expediente (agosto 2015) non manteñan vínculo de servizo con este Concello (xubilación 8 outubro 2014) polo que, aínda que figuraba no listado remitido polo servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, proposto coa cantidade de 613.02 €, foi excluído da proposta. Dado que a proposta de aboamento de complemento de produtividade refírese ao ano 2014, o solicitante atopábase en situación de servizo activo no ano de orixe do devengo.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Dito complemento está destinado a retribuír entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c). Introdúcense así -non por vez primeira na nosa lexislación, pero sí de modo moi claro- os sistemas de avaliación do rendemento e da calidade do traballo dos empregados públicos, co lóxico obxectivo de acadar Administracións Públicas modernas, eficaces, que servan con axilidade aos intereses xerais dende o marco legal preconfigurado, e que sexan incluso susceptibles de seren sometidas a avaliacións mediante estándares de calidade, aos efectos de medir tanto a eficiencia económica por sectores en relación co gasto público efectuado, como o grao de satisfacción dos administrados coa prestación do servizo.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir-se ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de

diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Así mesmo, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira que:

“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.

Correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns

coxunturales debidamente xustificadas.

Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo organo competente.

Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,

/...../

O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E

LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

O Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento acredita no informe de data 24/08/2015, que forman parte do expediente 26950/220 a efectiva realización dunha actividade extraordinaria desempeñada co correspondente interese e iniciativa positivos, acreditando a procedencia do recoñecemento dun incentivo ao rendemento, encadrado baixo o concepto retributivo de complemento de produtividade e propoñéndose o outorgamento do mesmo aos efectivos solicitantes e que figuran nas relacións remitidas polo servizo.

Sen prexuízo do antedito, deben considerarse as circunstancias especiais que afectan directamente aos servizos públicos que prestan os efectivos propostos para o aboamento de

complemento de produtividade e que derivan directamente do marco legal vixente:

O artigo 25, apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, redactado polo número oito do artigo primeiro da lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, atribúen aos concellos o exercicio obrigatorio dunha serie de competencias propias, preceptuando que:

“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

/.../

f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.

/.../

j) Protección de la salubridad pública.

/.../

k) Cementerios y actividades funerarias.

Non debe obviarse, dende esta perspectiva, que a Xunta de Goberno Local, nos anteditos acordos de data 20/06/2014 e 29/08/2014, acordou definir como servizos públicos esenciais, entre outras categorías de servizos, aqueles que se corresponden coas competencias municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais. Por tanto, enténdese que o sustento legal da procedencia na prestación de servizos está plenamente xustificada dende a óptica do marco legal competencial actualmente vixente; a maiores, está acreditada a efectiva realización dos mesmos por parte das xefaturas correspondentes, tal e como pode observarse nos informes dos diferentes servizos indicados.

Os devengos obxecto do presente expediente derivan das circunstancias expresadas nos informes asinados polas Xefaturas dos Servizos podendo afirmar que ditos devengos atopan o seu axuste normativo, en canto ao soporte regulamentario dos supostos de devengo, nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal orzamentario, anexas á vixente RPT anteriormente transcritas.

Aos efectos de dar cumprimento ás previsións das vixentes instrucións sobre plantilla, no acordo da Xunta de Goberno de data 24/08/2015 acordáronse como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade ao persoal proposto os seguintes

- reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.
- ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013 e 2014.
- necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.

Así mesmo, no punto segundo da Resolución acordouse aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de produtividade a aboar, o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos no informe da xefatura do servizo, nos termos do previsto no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Debe considerarse especialmente, tanto por parte da Xunta de Goberno Local como polo órgano responsable do asesoramento xurídico á mesma, o marco legal de excepcionalidade actualmente vixente en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público, xa sinalado anteriormente.

En consecuencia, por parte do Servizo de Recursos Humanos estímase oportuno deixar

constancia expresa de que unha eventual proposta de acordo favorable asíñase sempre en tanto en canto a mesma respete os límites legais e orzamentarios contidos na normativa invocada e acordos municipais de referencia,

Resulta necesaria a previa a preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 920.0150.00.00- "Productividade".

En consecuencia, vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a reclamación realizada por D Enrique A. Fernandez Fernandez, con DNI 36003976Y e acordar o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade por importe de 613.02€, pola especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos no informe da Xefatura do Servizo de data 24/08/2015, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de 613.02€, segundo os criterios aprobados pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 24/08/2015 (Expte 26950/220), outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade".

SEGUNDO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Concellería-delegada da Área correspondente, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1147).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DA BRIGADA DE PAVIMENTACIÓN DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2015. EXPTE. 27050/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 17.09.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, en data 11/09/2015, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Agosto de 2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluindo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimento, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e

exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación do Parque Móbil e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 106,02 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán

ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	33,48 €
14953	Fernández rodríguez, Manuel	39,06 €
16142	Martins Fernández, Juan A.	33,48 €
TOTAIS		106'02 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1148).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2015. EXPTE. 27051/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 17.09.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A directora do Laboratorio Municipal co visto e praxe da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de productividade correspondente ao mes de Agosto-2015, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia,

actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Agosto de 2015.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obras e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitido pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- "Productividade", por importe de 424,08 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	89,28 €
81662	Barros González, Delio	72,54 €
17360	Bastos Román, Jesús	100,44 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	50,22 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	111,60 €
TOTAIS		424,08 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1152).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE Á BRIGADA DE PAVIMENTACIÓN DE VÍAS E OBRAS, CORRESPONDENTE AO PERÍODO DE 02/03/2015 AO 01/09/2015, E DE 24/03/2015 AO 23/09/2015. EXPTE. 27077/220.

Visto o informe de fiscalización do 5.10.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 2.10.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e praxe do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal interinos do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación desde o 2/03/2015 ao 01/09/2015 e do 24/03/2015 ao 23/09/2015, que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente as datas indicadas anteriormente. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos

tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificando na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baséase nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de

agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA

APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obra que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Produtividade”, por importe de 2.923,92 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en

Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
76577	Bastos Villar, Purificación	507,78 €
76423	Molina Jimenez, Rafael	524,52 €
82354	Pitos da Cunha, Cibrán	479,88 €
82355	Vázquez Rodríguez, Javier	496,62 €
82523	Somoza Estévez, Luis Miguel	468,72 €
79082	Rodríguez Presas, Julio	446,40 €
TOTAIS		2.923,92 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1153).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESITÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO SERVIZO DE CULTURA PARA OS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015. EXPTE. 27084/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23/09/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para a empregada Marta Núñez Aboy (nº persoal 78436) do servizo de Museos, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área.

Por parte do servizo solicitante estímase como máximo un número inferior a 8 horas diarias, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015, para atender servizos derivados do seguemento da programación, cando se trate de asistencia a estreos, presentacións, etc.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 24/09/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral a empregada municipal adscrita ao servizo de Cultura, Marta Núñez Aboy (nº persoal 78436).

A presente autorización outórgase nun máximo total de 48 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas en data 23/09/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 1.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO SERVIZO DE MUSEOS PARA OS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015. EXPTE. 27092/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 24/09/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o empregado Ramón Vázquez Martínez (nº persoal 16478) do servizo de Museos, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área.

Por parte do servizo solicitante estímase como máximo un número inferior a 8 horas diarias, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015, para atender servizos derivados da programación de exposicións do servizo de Museos Municipais.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 24/09/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral o empregado municipal adscrito ao servizo de Museos, Ramón Vázquez Martínez (nº persoal 16478).

A presente autorización outórgase nun máximo total de 48 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Museos Municipais en data 24/09/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 1.10.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN VOLUNTARIA E OBRIGATORIA DE VARIOS EMPREGADOS MUNICIPAIS. EXPTE. 27134/220.

- Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, do 21.08.15, que di o seguinte:

"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira D. Juan Carlos Arias Fernández, con nº de persoal 10843, na praza de Enxeñeiro Técnico, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 30/09/2015.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

- Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, do 21.08.15, que di o seguinte:

“Primeiro.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo D. Manuel Conde Cabaleiro, con nº de persoal 16426, na praza de Bombeiro do SEI, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 02/09/2015.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Sr. Xefe do SEIS, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

- Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, do 2.10.15, que di o seguinte:

“Primeiro.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo D. Jesús Sayar Vila, con nº de persoal 14640, na praza de Bombeiro do SEI, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 31/10/2015.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Sr. Xefe do SEIS, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

- Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, do 2.10.15, que di o seguinte:

Primeiro.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo D. MANUEL VILLAR DOMINGUEZ, con nº de persoal 14640, na praza de Bombeiro do SEI, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS), así como da certifi-

cación do xefe de sección de xubilación do INSS e consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 31/10/2015.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Sr. Xefe do SEIS, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

- Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, do 2.10.15, que di o seguinte:

“Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria do funcionario de carreira D. Francisco Martínez Iglesias, con nº de persoal 13497 e DNI 35.992.760-Z, na praza de oficial electricista, con data de efectos 08/10/2015, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS).

Segundo.- Notifíquese a presente resolución a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada das devanditas resolución de xubilacións.

16(1154).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.